

## DIRECCIÓN DA XORNADA

Demetrio Ángel Fernández López.

Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais.

## NÚMERO DE PRAZAS

Prazas limitadas ata completar aforo.

## PERSOAS DESTINATARIAS

Organizacións empresariais e sindicais.

Graduados/as Sociais.

Avogados/as, profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta.

## INSCRICIÓNS

Faranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, en horas de 8:30 a 14:30, desde o 17 de xuño ao 28 de xuño, nos seguintes enderezos:

### **Consello Galego de Relacións Laborais**

Rúa Algalia de Abaixo, 24

15781 Santiago de Compostela

Tfno. 981 957 489 / Fax 981 541 610

e-mail: maria.jesus.diaz.lorenzana@xunta.es

### **Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra**

Rúa Alfonso X O Sabio, 3 -1º

36211 Vigo

Tfno. 986 200 918 / Fax 986 298 600

e-mail: cograsop@telefonica.net



## DIPLOMA

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada.

# AS MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIAIS DE PONTEVEDRA

# Xornadas 2011

30 de xuño

Hotel Husa Galicia Palace

Avenida de Vigo, 3. Pontevedra

# PROGRAMA

XOVES  
30  
DE XUÑO



# RESUMO DA XORNADA

- 09.15 **Recollida de documentación.**
- 09.30 **Inauguración.**
- 09.35 **Análise da reforma da negociación colectiva pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e pola Xudicatura. JOSÉ Mª CASAS DE RON. Xefe da Inspección provincial de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra. FERNANDO LOUSADA AROCHENA. Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**
- 10.35 **Coloquio.**
- 10.50 **As organizacións empresariais e sindicais diante da reforma. Representantes da CEG e de SN de CCOO de Galicia, CIG e UGT-Galicia.**
- 11.50 **Coloquio.**
- 12.05 **Pausa-Café.**
- 12.30 **Visión doutrinal acerca do R.D. Lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva. JAIME CABEZA PEREIRO. Catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo. CAROLINA MARTÍNEZ MORENO. Catedrática de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Oviedo. Presidenta da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos.**
- 13.45 **Coloquio.**
- 14.00 **Remate da Xornada.**

Logo de trinta anos cun sistema de negociación colectiva que arranca basicamente da redacción inicial do Estatuto dos Traballadores, véñse de aprobar o **Real Decreto-lei 7/2011**, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva.

Co transcurso dos anos, o sistema actual amosou luces e sombras e cada vez eran máis **as persoas** que **demandaban unha reforma e actualización.**

Falar de atomización, rixidez, pouca estruturación e pobreza de contidos viña sendo falar das **características básicas da nosa negociación colectiva.**

**Cómpre analizar se esta é a reforma que precisabamos ou se foi demasiado lonxe na súa versión final.** Certo é que houbo tempo dabondo para que a parte sindical e a empresarial acadaran un consenso acerca desta reforma e que este non chegou, máis unha reforma nunha materia tan sensible como a negociación colectiva carente de consenso de quen son os destinatarios a aplicala non é precisamente unha garantía de éxito.

**É a reforma necesaria?**, u-los límites desta?, fortalécese a negociación colectiva?, mellorará a articulación dos convenios?, introduce realmente parámetros de flexibilidade?, satisfai a alguén?

**Estas e outras cuestións serán analizadas no transcurso desta xornada** que, organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais e o Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, nace cunha vocación de utilidade pública nunha temática do maior interese para o futuro.